

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 17 de novembro de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:15 h.

HORA DE REMATE: 21:05 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 3 E 10 DE NOVEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 3 e 10 de novembro de 2014.

Na acta da Xunta de Goberno Local, realizada o día 10 de novembro de 2014, o Sr. concelleiro Faro Lagoa deixa constancia do seu voto en contra na votación da parcelación urbanística nº 25.291.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando

certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 25.023.- A Alberto L. Cid Iglesias e Josefa Fontán Piñeiro, con enderezo en Rúa Gregorio Espino, n° 19-1ªA-36205-Vigo, concédeselle licenza municipal para levar a cabo as obras de urbanización dos terreos obxecto de cesión en Piñeiro-Darbo, debendo avisar ao remate destas, para, previa comprobación polos servizos de inspección, proceder á concesión da licenza de construción.

EXPEDIENTE N° 21.911.- LICENZA MUNICIPAL N° 21.194.- A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da licenza municipal referida que ata a data figurada a nome de Susana Cornide González e a partir desta data pasa a Luis Ansorena Pérez, con enderezo en Costa, n° 2-portal 1-5ªA-Vigo.

Así mesmo, queda sobre a mesa, pendente de mellor estudo a modificación da referida licenza de obras, para que se indique a situación de onde se vai a realizar o cerramento dun porche de 12,60 m².

2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.303.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR ALBERTO CORDEIRO RODRÍGUEZ

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 14 de novembro de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Alberto Cordeiro Rodríguez, con enderezo en Rúa Real, nº 57-4ºA-Cangas, para vivenda sita en Paraíso-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.258.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.B) RENUNCIA DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS MENORES

EXPEDIENTE N° 24.329.- A Xunta de Goberno Local queda informada da renuncia á solicitude de licenza de obras presentada por Alberto Gago Costas, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 136-4ºF-Cangas, e de conformidade co informe emitido ao respecto polo inspector municipal de obras, do día 7 de novembro de 2014, acordar a devolución do ICIO, por importe de SETENTA EUROS CON CORENTA E SETE (70,47 €) aboados mediante cargo nº 325 o 23 de agosto de 2012.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.196.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LONGÁN, 9, saneamento de fachada en Longán, nº 9-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.218.- Juana Costas Baqueiro, encintado de paredes e colocación de planchas de fibrocemento en galpón en Fontenova, nº 57-Donón-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.219.- Manuela García Lorenzo, cambio de tella en Quintáns, nº 4-Nerga.

EXPEDIENTE N° 25.258.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN CIBRÁN, N° 13, reparación canalón cuberta en Estrada a Bueu, nº 13-San Cibrán-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.231.- Juan Antonio Davila Fernández, reparación de cerramento en Baixada a Pinela-Santa Marta, nº 29-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.244.- Manuel Fernández Fernández, reparación tellado en edificación adxetiva en Baixada a Francón, nº 4-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.251.- Emilio Bacelar Martínez, colocación de portal en Mendiúña-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.253.- Rosa María Pintor Sueiro, substitución de fiestra no Gatañal, nº 16-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.254.- Tamara Dasilva Pereira, acondicionamento local en Pedra Alta, nº 9-Nerga-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.257.- GALA, C.B., adaptación de local comercial na Avda. de Bueu, nº 15-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.259.- Jesús Antepazo Costas, cerramento nas Gruncheiras-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.260.- José Curra Soage, cerramento nas Gruncheiras-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.261.- José Menduña Bastón, reparación de cerramento en Baixada a Francón-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.267.- COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO AVENIDA, limpeza e pintado de fachadas e mantemento de cuberta.

EXPEDIENTE N° 25.270.- Saori Takaishi, acondicionamento de local na Avda. de Marín, nº 3-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.273.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTES, reparación de fachada na Avda. de Montero Ríos, nº 20-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.278.- Gabriela Laura Amoedo Bastos, reparacions interiores na Avda. Méndez Núñez, nº 20-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.299.- María Magdalena Estévez Márquez, reconstrución de cerramento en Sartaxéns-Aldán.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 40/2013

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 5.11.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 40/2013, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE N° 40/2013

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Donón-O Hío, consistentes en: realizar a ampliación en altura de cerramento superficie aproximada 80 cm., en bloques de formigón.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída do día 11 de xuño de 2014 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación SNU-EN.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M^a Ángeles Davila Bermúdez, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando, sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1 .b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle ésta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como, na Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 40/2013.

SUBVENCIONES

5º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A

INVESTIMENTO DO ANTEPROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA NORIA-CANGAS

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 10.11.14, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para o investimento do anteproxecto da obra de urbanización da Rúa Noria-Cangas, que é como segue:

"RESOLUCIÓN

SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDA CON CARGO AO PUSIM/2014 PARA O INVESTIMENTO, ANTEPROXECTO DE URBANIZACIÓN RÚA NORIA-CANGAS

Informados do contido das bases do Plan Urxente de Mantemento de servizos e Infraestruturas Municipais 2014, bases publicadas no BOP n° 44 do día 5 de marzo de 2014 e a modificación destas no BOP n° 105 do día 3 de xuño de 2014, vista á necesidade de solicitude de cambio de aplicación nas obras de acondicionamento do Adro da Igrexa de San Salvador de Coiro, polo importe de 74.456,75 euros e para o acondicionamento do terreo no Igresario do Hío, polo importe de 61.626,69 euros, que fan un total de 136.083,44 euros e co obxecto de que o concello non perda dita cantidade, esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar o ANTEPROXECTO DE URBANIZACIÓN RÚA NORIA-CANGAS, redactado polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez, polo importe de CENTO TRINTA E SEIS MIL OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (136.083,44 €).

Segundo.- Solicitar unha axuda de CENTO TRINTA E SEIS MIL OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (136.083,44 €) ao abeiro das bases publicadas no BOP n° 44 do día 5 de marzo de 2014, para a execución do ANTEPROXECTO DE URBANIZACIÓN RÚA NORIA-CANGAS.

Terceiro.- Declarar que Concello de Cangas, para esta actuación que se solicita, non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para o investimento do anteproxecto da obra de urbanización da Rúa Noria-Cangas.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

6.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
CÁNDIDA CASTRO CASTRO NIF: 36.003.634-D	Camiño dos Pinos, nº 30-O Espírito Santo-Coiro.	Camiño dos Pinos, nº 30-O Espírito Santo-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 545. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

6.B) ESCRITO DE JACOBO CAMPO TÁBOAS S/SINALIZACIÓN DA ESTRADA PO-551 NA MADALENA-DARBO

Visto o escrito presentado o día 20.10.14 por JACOBO CAMPO TÁBOAS, administrador e xerente do taller mecánico "ELECTROAUTO CANGAS, S.L.", no que se indica que tralo recente asfaltado da estrada PO-551, no lugar da Madalena en Darbo, modificouse a sinalización do vial, deixando liña continua onde antes era discontinua, polo que solicita se volva a modificar a sinalización para facilitar o acceso de entrada e saída de clientes e provedores.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda remitir a solicitude do Sr. Campo Táboas ao Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra da Xunta de Galicia, por ser este organismo titular da referida vía pública.

6.C) ESCRITO DA ONCE S/DIFICULTADES DE ACCESIBILIDADE DA RÚA REAL Á RÚA ENSEÑANZA

Visto o escrito presentado o día 3.11.14 na Policía Local pola ONCE, no que se indican unha serie de dificultades que ten que pasar cada día un alumno cego do Colexio

Compañía de María, no recorrido desde o seu domicilio sito na Rúa Real ata a Rúa Enseñanza do citado centro educativo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda comunicar á ONCE que o Concello de Cangas colaborará no que poida en funcións das súas posibilidades económicas, e solicita, así mesmo, a colaboración da ONCE na adopción destas medidas.

6.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN ROMARIGO

Dáse conta de informe emitido o día 11.11.14 pola Policía Local, referente a pedimento de sinalización no lugar de Romarigo-Coiro, que di o seguinte:

"R.S.-2184/14

A xefatura da policía local de Cangas por medio do presente informe fai constar:

Que con relación a pedimento de Agustín Iglesias González e outros/as veciños/as sobre sinalización en Romarigo, puido comprobarse que xa está colocado un sinal de limitación a 30 kilómetros/hora, á altura do número 28, se ben debería reforzarse dita sinalización coa colocación doutro sinal no tramo inicial da confluencia co Freixo e neste co cruzamento que dá á Retirosa.

Tamén sería conveniente a colocación de reductores de velocidade nesta zona, tales como, pasos elevados homologados pavimentados ou de bandas instaladas na calzada no tramo de Romarigo e o Freixo, tendo en conta a intensidade do tráfico e o trazado da vía con estreitamentos e curvas de visibilidade reducida.

A pedimento inicial de Agustín Iglesias, que xa mantivo entrevista coa concellería de tráfico (todo o cal achego) foi apoiada por outros/as veciños/as que presentaron recentemente outro escrito en termos semellantes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos técnicos do Concello de Cangas se proceda á instalación de novas sinais de limitación de velocidade nos lugares indicados no informe da Policía e ordénase, así mesmo, á Policía Local á visitar a zona para evitar o incumprimento da limitación.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

6.E) SOLICITUDE DE ALICIA SALGUEIRO DE LA CUEVA S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE CONDUCCIÓN

Vista a solicitude presentada o día 24.10.14 por ALICIA SALGUEIRO DE LA CUEVA, con DNI nº 36.130.691-Z, con enderezo en Rúa Antonio Nores, nº 28-5ºA-Cangas, propietaria de autoescola de condutores "ALI" en Cangas, na que demanda autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de ciclomotores por zonas urbanas do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes favorables da Policía Local e da Concelleira Delegada de Seguridade, Tráfico, e Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización municipal á autoescola de condutores "ALI", para a realización de prácticas de conducción de ciclomotores adscritos á referida autoescola polos viais do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ao departamento da Policía Local.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2014

Dáse conta de proposta da directora do CIM, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o programa PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2014, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2014

Aprobar a seguinte conta xustificativa da axuda concedida a esta entidade polo importe de NOVECIENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (975,74 €), para o PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, concedido ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do día 7 de outubro de 2014, pola que se resolve as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción

da igualdade, convocadas pola Resolución do 30 de abril de 2014 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

- Cumpriuse a finalidade da axuda concedida.*
- Tomouse razón na contabilidade.*
- E os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:*

- ESDESGA, con CIF B70070453, en concepto da avaliación PIOM polo importe total de MIL NOVECIENTOS TRINTA E SEIS EUROS (1.936,00 €), aprobada por Resolución da Alcaldía do día 14.11.14 e pagada o día 17.11.14.

Que este programa foi subvencionado co importe de NOVECIENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (975,74 €), ao abeiro da resolución de concesión e cunha aportación municipal de NOVECIENTOS SESENTA EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (960,26 €), pois non solicitou e polo tanto non recibiu ningunha outra axuda ou subvención para este mesmo fin que se xustifica."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da directora do CIM, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o programa CIM-2014.

B) APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA CIM-2014

Dáse conta de proposta do día 17.11.14 da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o programa CIM-2014, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA CIM 2014

Examinada a proposta do día 17.11.14 da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller de aprobación da seguinte conta xustificativa:

Aprobar a seguinte conta xustificativa polo importe total de CORENTA E NOVE MIL CATROCIENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (49.498,19 €) da axuda concedida a esta entidade polo importe de TRINTA E SEIS MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (36.174,57 €), para o PROGRAMA CIM-2014, concedido ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de data do 7 de outubro de 2014, pola que se resolve as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, convocadas pola Resolución do 30 de abril de 2014 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e

que os gastos totais imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación procedéndose a súa toma de razón na contabilidade:

Nome e apelidos	NIF	Denominación posto	Retribucións íntegras 12 meses	Cotizacións sociais 12 meses	Custo Total
Paula Tenorio González	78738944P	Dirección e Psicóloga	32.248,76	10.533,03	42.781,79
Paula Piñeiro Pórtela	78738285Q	Téc da AX	5.104,67	1.611,73	6.716,40
Total xustificación			33.121,14	12.212,34	49.498,19

Que este programa foi subvencionado co importe de TRINTA E SEIS MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (36.174,57 €), ao abeiro da resolución de concesión e cunha aportación municipal de TRECE MIL TRESCENTOS VINTE E TRES EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (13.323,62 €), e que para esta mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública o privada, polo que o único importe que se vai percibir para este programa é o concedido a través da resolución mencionada, e de conformidade coa documentación que consta no expediente e en particular co informe da directora do CIM, Paula Tenorio González, cumpriuse coa finalidade da axuda concedida e os fondos aplicáronse ao fin obxecto da subvención. "

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da directora do CIM, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para o programa CIM-2014.

D) APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE CANGAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA-2014
SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

Dáse conta de proposta da concelleira de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección Civil, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba-2014, que di o seguinte:

"APROBAR A CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE CANGAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA-2014

Aprobar a seguinte conta xustificativa da axuda concedida a esta entidade polo importe de DEZASETE MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (17.689,85 €).

- Cumpriuse a finalidade da axuda concedida.*
- Tomouse razón na contabilidade."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección Civil, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba-2014.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente